

CONTRATO DE ARRENDAMENTO DUN LOCAL PARA UBICACIÓN DO OBRADOIRO DE HOSTALERÍA DO SALNÉS.

DECRETO DE ADXUDICACIÓN

I.- VISTA A ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE DATA 12-09-2022, QUE DI:

"I. PROPOSICIÓNS FORMULADAS (SOBRE "A")

Admitida a proposición formulada pola seguinte persoa física:

Data presentación	NIF	Licitador
26/08/2022 18:17:37	35242022L	TERESA REYES MARTINEZ

II. VALORACIÓN DA OFERTA E INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR (SOBRE "B")

Vista a cláusula 15 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que di:

"SOBRE B: DOCUMENTO CORRESPONDENTE Á PROPOSTA AVALIABLE MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR

Este sobre conterá os seguintes documentos:

- 1) Plano de Situación a escala 1:75 acoutado, co nome da rúa na que se sitúa o local, nº de edificio e planta ocupada.
- 2) Plano de planta 1:75 acoutado, con detalle da superficie construída/útil.
- 3) Memoria e planos de localización de acometidas de todas as instalacións.
- 4) Memoria explicativa das características xerais do local para arrendar, debendo cumprir cos requisitos mínimos esixidos no prego técnico.


Notas importantes:

Non se valorarán os puntos engadidos pola/o contratista que non se adapten recollidos na oferta indicada por este prego, ou no caso de que se estableza límites de páxinas, as partes da oferta que superen este límite.

Na documentación que se presente no sobre B non se poderá incluír ningún dato que permita intuír a proposta presentada nos criterios avaliados de xeito automático (sobre c). O incumprimento deste requisito implicará a exclusión do procedemento."

Visto o informe técnico, requirido pola mesa de contratación, de valoración da oferta avaliable mediante xuízos de valor (cláusula 9.1. do PCAP), tendo en conta que "para continuar no proceso selectivo as e os licitadores deberán alcanzar un mínimo do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante un xuízo de valor (sobre B)":

Criterios a valorar	Puntuación máxima por criterio	Puntuación valoración oferta
JV.1. Calidade da iluminación natural	9	8
JV.2. Sistema de insonorización do local (illamento acústico)	10	10
JV.3. Instalación de fontanería e gas	10	9
JV.4. Dotación das instalacións eléctricas necesarias	10	10
JV.5. Dotación con sistema de ventilación e climatización/calefacción	10	10
PUNTUACION TOTAL	49	47



A puntuación total alcanzada no sobre "B" da proposición presentada é a seguinte:

NIF	Licitador	Total Puntuación
35242022L	TERESA REYES MARTINEZ	47

III. APERTURA SOBRE "C": CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

A cláusula 9.2. do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares establece:

"9.2. Enumeración dos criterios avaliados mediante fórmulas

As propostas presentadas puntuaranse cun máximo de 51 puntos, de conformidade cos seguintes criterios avaliados mediante fórmulas:

$$VA = VA.1 + VA.2 + VA.3$$

VA.1. Menor prezo ofertado sobre o prezo mensual de licitación sen IVE (10 puntos máximo).

Prezo mensual de licitación sen IVE: 1.500,00 €/mes

$$\text{Puntuación} = 10 \times (\text{Oferta máis económica} / \text{Oferta a valorar})$$

VA.2. Emprazamento do local (21 puntos máximo).

O local deberá estar situado no termo municipal de Sanxenxo. Valorarase que se atope dentro da capitalidade do termo municipal (polas posibilidades de promoción do obradoiro e as comunicacións).

VA.3. Superficie do local (máximo de 20 puntos).

O local deberá cumprir co requisito de dispoñer dun mínimo de 250 m². Por cada 10 m² máis de superficie, outorgaranse 5 puntos, ata alcanzar o máximo de puntuación neste criterio.

A puntuación total será a suma das puntuacións obtidas en cada criterio de adjudicación.

A valoración final das ofertas, que servirá de base ao órgano de contratación para realizar a adjudicación, será da suma das puntuacións dos criterios anteriormente citados.

No caso de que dous ou máis empresas empaten nas súas ofertas, seguiranse os criterios de desempate:

1. Primarase a proximidade do local ofertado coa capitalidade do termo municipal.
2. No caso de que persista o empate, acudirase ao sorteo."

A continuación, procédese á apertura do sobre "C" (criterios de adjudicación de avaliación automática), da oferta presentada:

Licitador	Prezo ofertado sen IVE	Emprazamento local	Superficie local
TERESA REYES MARTINEZ	1.500,00	Rúa Orense, 24 baixo (local 9) - Sanxenxo	328 m ²

A puntuación obtida polo licitador (sobre "C") é a seguinte, de acordo coas fórmulas de puntuación aritmética establecidas no PCAP:

Licitador	Prezo: 10 puntos	Emprazamento: 21 puntos	Superficie: 20 puntos	Total puntos
TERESA REYES MARTINEZ	10	21	20	51

Total puntuación sobras "B" e "C":

Licitador	Sobre B: 49 puntos	Sobre C: 51 puntos	Total puntos
TERESA REYES MARTINEZ	47	51	98

A MESA DE CONTRATACIÓN, POR UNANIMIDADE, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o informe técnico obrante no expediente, sobre a oferta técnica presentada (relativo a criterios de xuízos de valor).

SEGUNDO.- Realizar proposta de adxudicación da oferta presentada por TERESA REYES MARTINEZ.

TERCEIRO.- Requirir ao licitador TERESA REYES MARTINEZ para que, no prazo de 5 días hábiles, dende o día seguinte á data de envío da comunicación, presente a documentación prevista na cláusula 14 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.”

II.- REALIZADA A PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN A FAVOR DE TERESA REYES MARTÍNEZ E VIRGILIO SERANTES CASTRO,

III.- EFECTUADO REQUIRIMIENTO A TERESA REYES MARTÍNEZ E VIRGILIO SERANTES CASTRO,

IV.- VISTA A DOCUMENTACIÓN APORTADA POR TERESA REYES MARTÍNEZ E VIRGILIO SERANTES CASTRO,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Adxudicar o contrato de subministracións para o “arrendamento dun local para ubicación do Obradoiro de Hostalería do Salnés”, por importe de 1.500,00 € sen IVE, 315,00 € de IVE, total 1.815,00 € mensuais (18.000,00 €; IVE: 3.780,00 €; total: 21.780,00 € (1 ano)) a Teresa Reyes Martínez e Virgilio Serantes Castro, conforme ao prego de prescricións técnicas e ao prego de cláusulas administrativas particulares.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto correspondente con cargo á partida do presuposto de gasto cifrada: 22.241.213.02.

TERCEIRO.- Notificar a Teresa Reyes Martínez e Virgilio Serantes Castro a presente Resolución para a firma do contrato.

CUARTO.- Publicar anuncio de formalización do contrato no Perfil de contratante nun prazo non superior a quince días trala perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO.- Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato, incluíndo a identidade do adxudicatario e o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente ao Imposto sobre o Valor Engadido.

Mándao e asíno a presidenta, do que eu, como secretaria, dou fe. En Cambados, á data da sinatura electrónica.

A PRESIDENTA,
Marta Giráldez Barral

A SECRETARIA,
M^a del Carmen Merino Moína.